



DATOS IDENTIFICATIVOS

Fundamentos de dobraxe e subtítulado

Materia	Fundamentos de dobraxe e subtítulado			
Código	V01M079V11107			
Titulación	Máster Universitario en Tradución Multimedia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Meiriño Gómez, Jesús			
Profesorado	Fernández Martínez, Juan Hugo Iruveda López, Marta Meiriño Gómez, Jesús			
Correo-e	jemeirino@uvigo.es			
Web	http://multitrad.webs2.uvigo.es/			
Descrición xeral	Esta materia concíbese como un espazo didáctico que ha de servir ao estudantado, por unha parte, para coñecer os conceptos básicos da tradución audiovisual, fundamentalmente as súas modalidades principais, a dobraxe e o subtítulado, e, por outra, para saber identificar os principais problemas de tradución dos textos audiovisuais en lingua inglesa e implementar as estratexias adecuadas para resolvelos. Así mesmo, o estudantado aprenderá a aplicar métodos analíticos aos textos audiovisuais co fin de alcanzar unha boa tradución (análise textual e contextual) ou de establecer a calidade de traducións xa existentes. Por último, tamén aprenderá a manexar, polo menos, un programa de subtítulación.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B4	Diferenciar a tipoloxía de textos multimedia e a súa estrutura e os conceptos básicos da tradución multimedia.
B5	Demostrar dominio dos conceptos básicos das modalidades da tradución multimedia.
C1	Empregar con destreza as tecnoloxías e os recursos máis relevantes nos contextos profesionais.
C2	Aplicar as técnicas e estratexias apropiadas para resolver os problemas de tradución.
C4	Aplicar métodos analíticos que permitan obter traducións de calidade e avaliar a calidade de traducións existentes atendendo aos distintos contextos culturais.
D3	Identificar problemas de tradución.
D6	Traballar con perspectiva de xénero.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Os resultados da materia son os que figuran na memoria da titulación e correspóndense cos marcados no paso 1.	B4 B5 C1 C2 C4 D3 D6

Contidos

Tema	
------	--

1. Introducción á tradución audiovisual (TAV)	1.1. Definición, características e modalidades da TAV 1.2. Tipoloxía do texto audiovisual: identificación, caracterización e clasificación dos xéneros audiovisuais
2. Fundamentos teóricos e prácticos da tradución para dobraxe	2.1. Introducción á dobraxe: historia e etapas do proceso de dobraxe 2.2. Convencións e principais problemas da dobraxe 2.2.1. Dificultades compartidas con outras modalidades de tradución (tradución de neoloxismos, tradución do humor etc.) 2.2.2. Dificultades específicas (subordinación da palabra á imaxe, risas enlatadas, oralidade prefabricada, etc.) 2.3. Técnicas e estratexias de tradución para dobraxe 2.3.1. Habilidades e destrezas propias do exercicio profesional da tradución para dobraxe 2.3.2. Estudos de caso e análise de traducións para dobraxe
3. Fundamentos teóricos e prácticos da tradución para subtítulo	3.1. Introducción ao subtítulo: historia, etapas e práctica subtítuladora 3.2. Convencións e principais problemas do subtítulo 3.2.1. Dificultades compartidas con outras modalidades de tradución (referentes culturais e intertextuais, xogos de palabras etc.) 3.2.2. Dificultades específicas (limitacións espaciais, risas enlatadas, subordinación á imaxe, carácter vulnerable, oralidade prefabricada etc.) 3.2.3. Análise crítica de estudos de caso de traducións para subtítulo 3.3. Software específico e práctica de subtítulo

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	16	0	16
Resolución de problemas	0	36	36
Estudo de casos	0	36	36
Estudo previo	0	20	20
Foros de discusión	0	20	20
Exame de preguntas obxectivas	0	2	2
Práctica de laboratorio	0	18	18

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e a recoller información sobre o alumnado no que respecta aos coñecementos previos da materia, intereses e motivacións. Presentación da materia: obxectivos, metodoloxía docente, actividades de aprendizaxe, sistemas e criterios de avaliación...
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos da materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver <input type="checkbox"/> Relacionar os novos conceptos coas sesións anteriores. <input type="checkbox"/> Resaltar as ideas principais. <input type="checkbox"/> Explicar os contidos de xeito ordenado e estruturado. <input type="checkbox"/> Incluír exemplos de actualidade, reais etc. Pode ir dende a exposición teórica dun concepto ou bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que o/a estudante desenvolva, ata a resolución dun problema.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóptase empregar como plus da lección maxistral.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e formarse en procedementos alternativos de solución.
Estudo previo	Procura, lectura e traballo de documentación, previamente ás clases ou prácticas de laboratorio, que realiza o alumnado de forma autónoma. Exemplos: pode ser unha actividade teórica, a nivel de contidos da materia, ou práctica, como a resolución de problemas e/ou exercicios.
Foros de discusión	Actividade desenvolvida nunha contorna virtual na que se debaten temas diversos e de actualidade, relacionados co ámbito académico e/ou profesional.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Actividades introductorias	Dado que o curso ten carácter virtual, está prevista unha atención personalizada continuada durante todo u desenvolvemento da materia na plataforma de teledocencia. Por outra banda, poderán realizarse titorías colectivas, que se materializarán segundo as necesidades do estudantado e os criterios do profesorado.
Lección maxistral	Dado que o curso ten carácter virtual, está prevista unha atención personalizada continuada durante todo u desenvolvemento da materia na plataforma de teledocencia. Por outra banda, poderán realizarse titorías colectivas, que se materializarán segundo as necesidades do estudantado e os criterios do profesorado.
Resolución de problemas	Dado que o curso ten carácter virtual, está prevista unha atención personalizada continuada durante todo u desenvolvemento da materia na plataforma de teledocencia. Por outra banda, poderán realizarse titorías colectivas, que se materializarán segundo as necesidades do estudantado e os criterios do profesorado.
Estudo de casos	Dado que o curso ten carácter virtual, está prevista unha atención personalizada continuada durante todo u desenvolvemento da materia na plataforma de teledocencia. Por outra banda, poderán realizarse titorías colectivas, que se materializarán segundo as necesidades do estudantado e os criterios do profesorado.
Estudo previo	Dado que o curso ten carácter virtual, está prevista unha atención personalizada continuada durante todo u desenvolvemento da materia na plataforma de teledocencia. Por outra banda, poderán realizarse titorías colectivas, que se materializarán segundo as necesidades do estudantado e os criterios do profesorado.
Foros de discusión	Dado que o curso ten carácter virtual, está prevista unha atención personalizada continuada durante todo u desenvolvemento da materia na plataforma de teledocencia. Por outra banda, poderán realizarse titorías colectivas, que se materializarán segundo as necesidades do estudantado e os criterios do profesorado.
Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	Dado que o curso ten carácter virtual, está prevista unha atención personalizada continuada durante todo u desenvolvemento da materia na plataforma de teledocencia. Por outra banda, poderán realizarse titorías colectivas, que se materializarán segundo as necesidades do estudantado e os criterios do profesorado.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas obxectivas	Realizarase unha proba de avaliación correspondente aos contidos teóricos da materia.	30	B4 B5
Práctica de laboratorio	Entregaranse dous encargos, correspondentes aos dous bloques temáticos da materia, dobraxe e subtítulo. Cada un deles suporá o 35 % da nota final.	70	C1 D3 C2 D6 C4

Outros comentarios sobre a Avaliación

Existen dous sistemas de avaliación (*continua* e *única*). As metodoloxías descritas no apartado «Avaliación» aplícanse a ambos os sistemas.

Exixencias do sistema de avaliación continua:

- Deixar constancia por escrito a través de MooVi da vontade de acollerse á modalidade de avaliación continua no primeiro mes do curso.

Para superar a materia é necesario aprobar as tres partes (teoría, práctica de dobraxe e práctica de subtítulo).

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO):

O estudantado que non alcance a nota mínima na primeira edición de actas presentarase na segunda ás partes non superadas na data indicada. As partes aprobadas gardaranse unicamente ata a convocatoria de xullo.

Todas as probas realizaranse na lingua meta da combinación da materia.

Con respecto á avaliación de traballos e proxectos, de se detectar que estes (ou algunha das súas partes) son plaxios, a cualificación será de 0.

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma de teledocencia MooVi, así como estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- Carrero Marín, J. F., Cerezo Merchán, B., Martínez Sierra, J. J. y Zaragoza Ninet, M. G. (coords.), **La traducción audiovisual: aproximaciones desde la academia y la industria**, Comares, 2020
- Chaume Varela, F., **Audiovisual translation: dubbing**, St. Jerome, 2012
- Díaz Cintas, J. y Remael, A., **Subtitling: concepts and practices**, Routledge, 2021
- Hernández Bartolomé, A. I. y Mendiluce Cabrera, G., **New trends in audiovisual translation: the latest challenging modes**, 2005
- Martí Ferriol, J. L., **Cine independiente y traducción**, Tirant lo Blanch, 2010

Bibliografía Complementaria

- Cerezo Merchán, B., **La traducción para el doblaje en España: mapa de convenciones**, Universitat Jaume I, 2015
- Chaume Varela, F., **Cine y traducción**, Cátedra, 2004
- Chiaro, D., Heiss, C. y Bucaria, C. (eds.), **Between text and image. Updating research in screen translation**, John Benjamins, 2008
- Díaz Cintas, J., **Teoría y práctica de la subtitulación inglés-español**, Ariel, 2003
- Marzá Ibáñez, A., Torralba Miralles y Trama, G., **Las normas profesionales de la traducción para el doblaje en España**, TRANS: Revista de Traductología, 17, 35-50., 2017
- Torralba Miralles, G. et al., **La traducción para la subtitulación en España. Mapa de convenciones**, Universitat Jaume I, 2019
- Zabalbeascoa, P., Santamaria Guinot, L. y Chaume Varela, F., **La traducción audiovisual. Investigación, enseñanza y profesión**, Comares, 2005

Recomendacións

Materias que continúan o temario

- Audiodescripción/V01M079V11208
- Produccións accesibles/V01M079V11209
- Proxectos de tradución multimedia/V01M079V11210
- Subtitulado para xordos e lectura fácil/V01M079V11207

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

- Voces superpostas e tradución de documentais/V01M079V11108

Materias que se recomenda ter cursado previamente

- Tecnoloxías e recursos para a tradución multimedia/V01M079V11106

Outros comentarios

Consideraranse horas presenciais as horas de docencia virtual síncrona.

Recoméndase cursar esta materia a aquel estudiantado que non teña contacto coa tradución para dobraxe e subtitulado xa que os contidos impartidos son imprescindibles para cursar as materias de audiodescripción, subtitulado para xordos e lectura fácil e producións accesibles. Dado que esta materia parte dun nivel inicial, non se recomenda a aquel estudiantado que teña coñecementos previos destas dúas modalidades.